



INFORMACIÓN PARA O CURSO 2022-2023

Setembro 2022

DIRECCIÓN DO CENTRO:

Titular e director do centro: Juan J. Vidal Fernández
Xefa de estudos: Belén Mouriño Carballido
Coordinadora de El e 1.º ciclo de EP: M^a Amalia Sieiro Eiriz
Coordinadora de 2º e 3º ciclo de EP : Marta Talegón Amado
Coordinador de ESO: Beatriz Díaz-Robles Iglesias.
Coordinadora de Unitas: Virginia Vila Martínez

TITORES DE 1.º e 2.º DE EP:

1.º A: M^a Amalia Sieiro Eiriz 1.º B: Nicolás Fernández Pita
2.º A : Silvia Varela Soto 2.º B: Tamara Rivera Álvarez

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:

SERVIZO DE COMEDOR. O prezo será de 138 € mes (prezos especiais para dous ou máis irmáns e para o alumnado que se queda varios días á semana). Tamén haberá a opción de mercar un ticket na secretaría; o prezo é de 8,80 €. Os prezos inclúen menú e coidado dos nenos.

O alumnado recollerase na porta da rúa España as 15.00 h., 15:30 h., 16:00 h. É preciso avisar da hora de recollida.

SERVIZO DE MADRUGADORES. O prezo será de 11 € un cuarto de hora diaria ao mes, 20 € media hora diaria ao mes, 32 € unha hora diaria ao mes (con almorzo 43 €) e 46.40 € hora e media diaria ao mes (con almorzo 57€). Tamén haberá a opción, de mercar un ticket na secretaría para días puntuais; o prezo será de 1€ un cuarto de hora, 2€ media hora e 3€ de unha hora en adiante. Almorzo ata as 8.15 da mañá, 1€.

SERVIZO COMPLEMENTARIO DE AULA (Plataforma educamos, wifi, ordenadores, mantemento do edificio). O prezo será de 23 €/mes por familia.

Os servizos complementarios teñen carácter voluntario.

SEGURO ESCOLAR. Este ano a póliza terá o prezo de 14,35 € alumno/ano. É importante e recomendable para todo o alumnado subscribirse. Cobrarase no mes de outubro.

MATERIAL ESCOLAR DE 1.º e 2.º de EDUCACIÓN PRIMARIA. O prezo será de 66 €, que se pasarán en tres cotas, de 25 € no mes de outubro, de 21 € no mes de novembro e de 2 € no mes de decembro.

HORARIO:

Mañá: de 9.00h a 14.10 h.





PERÍODOS DE VACACIÓNS

Nadal: desde o día 23 de decembro de 2022 ata o día 6 de xaneiro de 2023, ambos inclusive.

Entroido: días 20, 21 e 22 de febreiro.

Semana Santa: do 3 ao 10 de abril, ambos inclusive.

DÍAS FESTIVOS

Ademais das festas de ámbito estatal, son días non lectivos os festivos así declarados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, en exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, e as festas laborais de carácter local publicadas por resolución da devandita consellería.

- A festividade do Día do Ensino (31 de outubro de 2022).
- Días non lectivos aprobados polo claustro: 9 de decembro de 2022 e 2 de maio de 2023.

CELEBRACIÓN DE CONMEMORACIÓNS

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación. – 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 1 de abril de 2023: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.
- Do 17 ao 21 de abril de 2023: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2023: Día de Europa.
- Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente.

FESTAS DA COMPAÑÍA DE MARÍA:

Nena María (21 de novembro) e Santa Xoana de Lestonnac (15 de maio).

OBXECTIVO DA COMUNIDADE EDUCATIVA PARA ESTE ANO:

“COMPROMETÉNDONOS, medramos como persoas”

Un saúdo

A dirección

